

**EXTRACTOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 5 DE MARZO DE 2018.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. EVA MARÍA CASAL SANJURJO.

**Ausentes:**

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 10/2018 DE DATA 26 DE FEBREIRO DE 2018.**

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 10/2018 do día 26 de febreiro de 2018.

**2.- EXPEDIENTE 5443/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.**

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE

OBRAS para reforma dunha edificación existente na rúa do Rodo núm. 22 - Lalín.

**3.- EXPEDIENTE 4504/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.**

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para conservación e restauración da cuberta dun edificio existente na rúa Xoaquín Loriga núm. 31-Lalín.

**4.- EXPEDIENTE 936/2018. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.**

Acordouse A INEFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para a instalación dun mural nunha edificación existente sita na rúa Corredoira núm. 9 – Lalín.

**5.- EXPEDIENTE 1006/2018. INFORME OU CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA.**

Quedou pendente para un mellor estudo.

**6.- EXPEDIENTE 452/2018. INFORME OU CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA.**

Acordouse aprobar o informe técnico municipal de data 26 de febreiro de 2018 relativo a información urbanística dunha parcela situada na rúa Matemático Rodríguez núm.1 – Lalín.

**7.- EXPEDIENTE 622/2018. INFORME OU CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA.**

Quedou pendente para un mellor estudo.

**8.- EXPEDIENTE 1148/2018. RELACIÓN DE FACTURAS.**

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00010 por importe de

165.773,61 €.

**9.- EXPEDIENTE 351/2018. OBRAS URXENTES DE CONSOLIDACIÓN NO EDIFICIO MANUEL RIVERO 3 E 5.**

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 23.752,56 €, IVE incluído, con destino á contratación dos traballos contemplados no proxecto de “Obras urxentes de consolidación no edificio rúa Manuel Rivero, 3 y 5”, a executar dentro da estratexia LalínSsuma21.

**10.- EXPEDIENTE 1154/2018. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (TESOURERÍA)-DEVOLUCIÓN RECIBO PARKING.**

Acordouse aprobar a devolución da cuantía de 30 euros en concepto de recibo domiciliado correspondente a remesa do parking do mes de xaneiro.

**11.- EXPEDIENTE 1102/2018.SOLICITUDE ALTA VADO EN RÚA DO AREAL, N° 47.**

Acordouse autorizar a alta na Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase do vado permanente núm. 717.

**12.- EXPEDIENTE 166/2018. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (POLICÍA)-CORRECCIÓN DE ERROS.**

Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 22 de xaneiro de 2018, punto 28. EXPEDIENTE 166/2018. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (POLICIA).

**13.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1226/2018. SOLICITUDE RENOVACIÓN**

**TARXETA DE APARCAMENTO Nº 3/2012.**

Acordouse a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía nº 3/2012 con carácter PROVISIONAL ata o 01/01/2021.

**14.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 150/2018. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES.**

Acordouse a concesión de premios expediente XIIº Premio ás Mulleres “Dona. Maruja Gutiérrez” 2018.

**15.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5387/2017. CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.**

Acordouse corrixir o apartado K) CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN do Anexo I Do Cadro de Cartacterísticas do Contrato expediente “REURBANIZACIÓN DA RÚA XESTEIRA, PAVIMENTACIÓN E BEIRARÚAS NA RÚA F”.

**16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4586/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

Acordouse a BAIXA POR PASAMENTO no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD) para unha persoa beneficiaria.

**17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 705/2018. SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA REALIZACIÓN DUNHA FEIRA DE OPORTUNIDADES NA VILA DE LALÍN.**

Acordouse conceder autorización municipal para a realización da Segunda Feira de Oportunidades os días 10 e 11 de marzo de 2018 na rúa

Xoaquín Loriga en horario de 09:00 a 21:00 horas ambos días e para a colocación de jaimas (5x5m) na rúa Xoaquín Loriga o venres 9 de marzo de 2018 a partires das 15:00 horas, en caso de que as condicións climatolóxicas sexan moi adversas solicitan para as ditas actividades o Pavillón Municipal de Deportes.

**18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1276/2018. SOLICITANDO PERMISO PARA COLOCACIÓN DE CARTEL MANIFESTO COLECTIVO FEMINISTA.**

Acordouse conceder autorización municipal para a colocación do manifesto que se esta a elaborar nun taboleiro duns 2 m. x 2 m. ou semellante na Praza de Loriga, posicionado dunha bas beiras das actividades para o 8M coa finalidade de facer unha pegada do cortal e do manifesto na noite do día 7 ás 00:00 horas do día seguinte.

**19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4070/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

Acordouse a BAIXA POR PASAMENTO no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD) para unha persoa beneficiaria.

**20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1576/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO MARCO DO SISTEMA PARA A AUTONOMÍA PERSOAL E A ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (SAAD).**

Acordouse a BAIXA POR PASAMENTO no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD) para unha persoa beneficiaria.

**21.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 534/2017. SOLICITUD DE SUBVENCIONES PARA**

## **ENTIDADES LOCALES (OBRAS).**

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 38.965,64 € (IVE ENGADIDO) con destino ao contrato menor de obra “Accesibilidade e reparacións varias. Reparación do muro de peche do Campo de Fútbol” do Concello de Lalín.

### **22.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1275/2018. COMUNICACIÓN POSIBLE FALSIFICACIÓN DE FIRMA EN ESCRITO PRESENTADO.**

Dáse conta do escrito presentado no que solicita se deixe sen efecto o escrito presentado con data 14 de febreiro de 2018 no Concello de Lalín.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 19:50 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.